

D I T A M E

Ditame
5/11

sobre o anteproxecto de

Lei de **acción voluntaria** de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 6 DE XULLO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 7 de xuño de 2011, tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de acción voluntaria de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da solicitude de ditame.

3.- O día 7 de xuño, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº2 para o 15 de xuño de 2011, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 9/11, de data 30 de xuño de 2011, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/11, do 6 de xullo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de acción voluntaria de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

1. Obxecto da Lei:

a) Ordenar e fomentar a participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria ou directamente pola Administración autonómica ou local para o desenvolvemento de programas concretos.

b) Regular as relación que, con respecto ás devanditas actividades, se puideren establecer entre as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria, as persoas destinatarias de acción voluntaria e as administracións públicas de Galicia.

O anteproxecto de lei estrutúrase en **38 artigos**, distribuídos en tres Títulos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións finais.

No **Título I** “*Disposicións xerais*” (artigos 1 ao 5), recóllese o obxecto da lei, o ámbito de aplicación, o concepto de acción voluntaria, os principios orientadores da acción voluntaria e os sectores de actuación da acción voluntaria.

O **Título II** “*Dos suxeitos da acción voluntaria*” (artigos 6 ao 20) divídese en 4 Capítulos.

Capítulo I “Do estatuto das persoas voluntarias” (artigos 6 ao 8), recolle o concepto, dereitos e os deberes das persoas voluntarias.

Capítulo II “Das entidades de acción voluntaria” (artigos 9 ao 12), regula o concepto, os dereitos, as obrigas das entidades de acción voluntaria, así como o incumprimento de fins e obrigas.

Capítulo III “Das relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de acción voluntaria” (artigos 13 ao 17), determina o compromiso de colaboración, a acreditación identificativa, a responsabilidade extracontractual das entidades fronte a terceiros, as pólizas de seguro, e o réxime xurídico aplicable á resolución de conflitos.

Capítulo IV “Das persoas destinatarias da acción voluntaria” (artigos 18 ao 20), abarca o concepto de persoa destinataria da acción voluntaria, os dereitos e os deberes.

O **Título III** “*Das administracións públicas*” (artigos 21 ao 38), divídese en 5 Capítulos.

Capítulo I “Da distribución de competencias” (artigos 21 ao 23), recolle as competencias das administracións públicas de Galicia, as da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as das entidades locais.

Capítulo II “Do fomento da acción voluntaria” (artigos 24 ao 27), comprende as accións de fomento da acción voluntaria, os incentivos e apoios a entidades e a persoas voluntarias, ao fomento da formación e ao fomento da acción voluntaria corporativa.

Capítulo III “Dos instrumentos de planificación da acción voluntaria” (artigos 28 ao 31), recolle os instrumentos de planificación, o Plan galego de acción voluntaria, a planificación sectorial, e os plans e proxectos de acción voluntaria.

Capítulo IV “Do rexistro de acción voluntaria” (artigos 32 ao 34), regula o rexistro de acción voluntaria de Galicia, a sección de entidades de acción voluntaria e a sección de experiencias das persoas voluntarias.

Capítulo V “Do Consello de Acción Voluntaria” (artigos 35 ao 38), comprende a participación das entidades e das persoas voluntarias, o Consello de Acción Voluntaria, a composición do Consello de Acción Voluntaria e o Observatorio Galego de Acción Voluntaria

Tres Disposicións Adicionais

Disposición transitoria primeira,

Disposición derogatoria única,

Tres Disposicións finais.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES considera necesario reiterar que o prazo requirido no trámite de urxencia para a remisión do ditame, implica unha celeridade no estudo deste anteproxecto que pode ir en detrimento da desexada calidade do mesmo e, consecuentemente, do resultado agardable do labor consultivo do Consello.

2.- O CES considera que a Administración debe extremar a vixilancia e o control para que a previsión contida neste anteproxecto, relativa a que a acción voluntaria en ningún caso poderá substituír ao traballo remunerado ou á prestación de servizos profesionais retribuídos, sexa escrupulosamente respectada.

3.- Utilízanse ocasionalmente as barras, co obxecto de resolver a neutralidade en materia de xénero. O CES entende que esta non é unha opción correcta nun texto legal, polo que se debería recorrer a outras solucións, que sexan ademais acordes coas propias instrucións da administración autonómica nesta materia, que indican que as barras só se deberían usar como solución na confección de formularios.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- Exposición de motivos.

O CES considera que se debería engadir un novo parágrafo entre os finais, para sinalar que o anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- Exposición de motivos.

No segundo parágrafo da páxina 6 da Exposición de motivos do anteproxecto indícase: “(...) a oportunidade da acción voluntaria como canle de adquisición de capacidades e habilidades que preparen ás persoas voluntarias para un futuro profesional, a existencia dunha validación das prestacións realizadas e das experiencias adquiridas na actividade voluntaria ou a promoción da acción voluntaria corporativa (...)”.

O CES propón que se elimine esta alusión para evitar confusión, na medida en que non se está a falar dunha nova forma de acadar capacidades ou habilidades profesionais, xa que o sistema de capacitación profesional está regrado e a validación da experiencia tamén.

3.- Exposición de motivos.

No penúltimo parágrafo do apartado III da Exposición de motivos, ao facer referencia ao Congreso Galego de Voluntariado dise que: “(...) constituíronse mesas de traballo formadas polos representantes dos colectivos máis representativos relacionados coa acción voluntaria para abordar diferentes cuestións que reclamaban un estudo máis particularizado.”

O CES propón introducir o inciso “directa ou indirectamente” na frase “colectivos mais representativos relacionados, **directa ou indirectamente**, coa acción voluntaria”, xa que neste congreso tamén participaron outras entidades como as Universidades, as Centrais Sindicais, as Administracións Locais...

4.- Artigo 3. Concepto de acción voluntaria.

O CES estima que resulta imprecisa a mención que se inclúe na **letra b** do **número 1** deste artigo na redacción “*sen prexuízo, no seu caso, dos incentivos que corresponda, que en ningún caso terán carácter económico...*”. O CES propón modificar o texto deste precepto eliminando a redacción deste parágrafo desde “*sen prexuízo...*” e incluír unha nova condición (nova letra) que estableza “***Que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan***”.

Aínda que é común escoitar as palabras “*recoñecemento*” e “*incentivo*” indistintamente cando se fala sobre influenciar comportamentos, non teñen o mesmo significado, e non é simplemente una cuestión semántica. Os incentivos están deseñados para causar unha acción, para darlles aos participantes unha razón para modificar o seu comportamento. O recoñecemento, sen embargo, é algo que se produce despois do cambio de comportamento.

5.- Artigo 4. Principios orientadores da acción voluntaria.

O CES entende que resulta confuso o principio de participación (**letra a**), pois mestura a participación e implicación da cidadanía coa promoción do asociacionismo e o desenvolvemento dun tecido asociativo propio, aspectos que se deberían regular en dúas letras diferentes, como dous principios diferenciados.

6.- Artigo 5. Sectores de actuación da acción voluntaria.

No **artigo 5.2º**, ao facerse referencia ás actividades incluídas no ámbito da acción voluntaria, combínase a referencia xenérica ao “*interese xeral*”, a “*acción social*” e os “*servizos sociais*”, cun listado pormenorizado de sectores ou actividades. O CES entende que sería máis oportuno facer unicamente alusións xenéricas que poidan ser comprensivas da multitude de actividades implicadas, pois ao concretar éstas córrese o risco, como así sucede no texto do Anteproxecto, de non mencionar actividades claramente relacionadas coa acción voluntaria, como é o caso da protección e axuda á vellez e ás persoas inmigrantes.

7.- Título II. Dos suxeitos da acción voluntaria (artigos 6 ao 20).

O CES estima que é necesario introducir neste título un artigo dedicado ás incompatibilidades das persoas voluntarias na liña de: *“A condición de persoa voluntaria é incompatible co desempeño de calquera actividade suxeita a retribución económica pola mesma entidade de acción voluntaria na que se integre cuxa natureza, contido e obxecto poidan ter relación cos propios da actividade voluntaria.”*

8.- Artigo 11. Obrigas das entidades de acción voluntaria.

Entre as letras que se usan na clasificación do contido do artigo non figuran o ñ) e o i).

Esta mesma consideración (letra ñ) reitérase en relación co **artigo 24, apartado 2.**

9.- Artigo 19. Dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria.

Na **letra c)** *in fine*, o CES considera que se debería engadir a frase *“ou calquera outro procedemento que deixe constancia da súa decisión”*.

10.- Artigo 19. Dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria.

Na **letra f)** o CES entende que se debería ampliar o elenco conceptual de liberdades sobre as que se esixe a non inxerencia, así como subsumir nun só concepto as liberdades relixiosa e de culto que se indican no anteproxecto.

11.- Artigo 32. Rexistro de acción voluntaria de Galicia.

Segundo o artigo 32, o *Rexistro de acción voluntaria* estará adscrito ao departamento que teña competencias de fomento e coordinación na materia. O CES considera que se debería corrixir a utilización da expresión *“departamento”* cando se refira á estrutura orgánica da Administración, suxerindo que se substitúa por *“órgano”*.

12.- Artigo 36. O Consello de Acción Voluntaria.

No **artigo 36.2.f** o CES entende que se debería concretar a maneira na que se determinará o prazo e forma de emisión do informe que se cita nesta letra.

13.- Artigo 37. Composición do Consello de Acción Voluntaria.

O CES entende que no **artigo 37.b, paragrafo 2º** establécese un criterio non demasiado obxectivo. A heteroxeneidade do ámbito da acción voluntaria requiriría a adopción doutro tipo de fórmulas que establecen mellor a representatividade. O CES considera que se debe eliminar o epígrafe que fai referencia á vicepresidencia segunda.

14.- Artigo 37. Composición do Consello de Acción Voluntaria.

O CES estima que na **letra g)**, e aínda que se establece unha referencia á Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, habería que harmonizar a redacción co artigo 2 da referida norma: “*organizacións sindicais e empresariais **intersectoriais** máis representativas no ámbito de Galicia*”.

15.- Artigo 37. Composición do Consello de Acción Voluntaria.

O CES considera que se debería engadir unha nova letra que inclúa a presenza das organizacións agrarias, pois no **artigo 5** deste anteproxecto establécese como ámbito de acción voluntaria a dinamización do mundo rural.

16.- Artigo 38. Observatorio Galego de Acción Voluntaria.

O CES entende que no **artigo 38.3** debería engadir outro epígrafe: “*elaborar e trasladar ás Administracións Públicas propostas e iniciativas en relación cos informes e estudos que sobre a acción voluntaria se realicen*”.

17.- Artigo 38. Observatorio Galego de Acción Voluntaria.

O CES destaca que entre as funcións do Observatorio Galego se engada a de estudar periodicamente o impacto da acción voluntaria no mercado de traballo (**artigo 38.3.d**), pero tense que determinar a periodicidade deste estudo para garantir a súa elaboración.

18.- Artigo 38. Observatorio Galego de Acción Voluntaria.

O CES considera que neste observatorio deberá preverse a participación das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia, en aplicación da Lei 17/2008, do 29 de decembro de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais mais representativas de Galicia.

19.- Artigo 38. Observatorio Galego de Acción Voluntaria.

O CES entende que no artigo 38 5º, debe substituírse “*se establecerá*” por “*establecerase a*”.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2011

Vª e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Juan Carlos Veiga Hermida



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

